



Teaching Guide

Identifying Data				2021/22
Subject (*)	Medieval Spanish Literature	Code	613G01022	
Study programme	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	1st four-month period	Third	Obligatory	6
Language	Spanish			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Letras			
Coordinador	Tato Garcia, Cleofe	E-mail	cleofe.tato@udc.es	
Lecturers	Novoa Blanco, Francisco Javier Tato Garcia, Cleofe	E-mail	francisco.novoa@udc.es cleofe.tato@udc.es	
Web				
General description	Estudo da literatura medieval española nos seus principais autores e obras.			
Contingency plan	1. Modifications to the contents 2. Methodologies *Teaching methodologies that are maintained *Teaching methodologies that are modified 3. Mechanisms for personalized attention to students 4. Modifications in the evaluation *Evaluation observations: 5. Modifications to the bibliography or webgraphy			

Study programme competences

Code	Study programme competences
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A17	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.
A18	Coñecer a historia e a cultura das comunidades hispanofalantes.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.



B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Learning outcomes			
Learning outcomes	Study programme competences		
Ser quen de comprender e explicar alguns dos textos significativos do período	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17	B1 B3 B4 B5 B6 B7 B10	C3
Coñecer alguns dos principais autores e obras da literatura medieval española, percibindo as súas características e os elementos que permiten integralos nun mesmo período.	A1 A3 A5 A10 A18	B1 B2 B4 B5	C6 C7
Producir textos escritos de distinta extensión e alcance, debidamente redactados e organizados, nos que o estudante demostre a súa capacidade de reflexión crítica e sexa quen de aplicar os coñecementos sobre literatura e cultura á análise de textos, recurrido de xeito selectivo, cando é posible (e convén), ao emprego doutra bibliografía e a recursos accesibles a través de internet.	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A17 A18	B1 B3 B5 B6 B7 B10	C7

Contents	
Topic	Sub-topic
1. Introducción.	1. Cuestións previas 2. Idade Media: concepto e termo 3. Características xerais da Idade Media 4. A literatura medieval española 5. Periodización e sistematización (xéneros)
2. A épica	2.1. Introducción 2.2. A épica española e as súas características 2.3. Ciclos épicos 2.4. Estudo do "Cantar de Mio Cid";
3. O Romanceiro	3.1. Introducción 3.2. Os romances vellos: o problema da súa orixe 3.3. A súa difusión 3.4. Clasificación 3.5. Temas, estilo, métrica



4. O mester de clerecía	4.1. Introducción 4.2. O mester de clerecía: características e problemas, textos e autores. 4.3. Gonzalo de Berceo: vida e obra 4.4. Estudo dos "Milagros de Nuestra Señora";
5. Juan Ruiz y el "Libro de Buen Amor";	5.1. Introducción 5.2. Problemática da obra 5.3. Juan Ruiz 5.4. Estudo do "Libro de Buen Amor";
6. A prosa na Idade Media: das orixes ao século XIV	6.1. Introducción 6.2. Dos inicios ata don Juan Manuel 6.3. Don Juan Manuel: figura e personalidade literaria 6.4. Estudo do "Libro del Conde Lucanor";
7. A lírica medieval (I): a poesía tradicional	7.1. Introducción 7.2. Lírica culta e lírica tradicional 7.3. Jarchas e lírica tradicional castelá 7.4. Unha aproximación ás jarchas 7.5. Estudo dos "villancicos"; tradicionais
8. A lírica medieval (II): a poesía trobadoresca castelá	8.1. Introducción 8.2. A poesía trobadoresca ou cancioneril: tipos, evolución... 8.3. Íñigo López de Mendoza, marqués de Santillana: vida e obra. Estudo dunha selección dos seus poemas 8.4. Jorge Manrique: figura e obra. Estudo da súa produción (agás as Coplas, vistas en 2º curso)
9. A prosa e o teatro medieval no século XV	9.1. Introducción á prosa 9.2. Principais tipos prosísticos 9.3. Aproximación á prosa de ficción sentimental: Diego de San Pedro e "Cárcel de amor"; 9.4. Introducción ao teatro 9.5. Aproximación ao "Auto de los Reyes Magos";

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student's personal work hours	Total hours
Introductory activities	A5	0.5	0	0.5
Guest lecture / keynote speech	A5 A11 A16 A17 A18 B1 B4 B5 B7	17	9	26
Mixed objective/subjective test	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C7	3	20	23
Workshop	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 B4 B5 B6 B7 C3 C6	19	10	29
Long answer / essay questions	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B4 B5 B6 B7 B10 C7	2	16	18
Workbook	A1 A5 A10 A15 A16 A17 A18 B1 B2 B3 B5 B6 C7	0.5	52	52.5
Personalized attention		1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.



Methodologies	
Methodologies	Description
Introductory activities	Análise dos coñecementos previos relacionados coa materia. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita artellar unha docencia que favoreza a aprendizaxe eficaz e significativa.
Guest lecture / keynote speech	Nas sesións expositivas o ritmo da clase recaerá fundamentalmente nos docentes, que tentarán ofrecer panoramas xerais sobre as etapas da Idade Media e sobre os distintos ámbitos literarios, escolas ou movementos.
Mixed objective/subjective test	Proba na que se busca que o alumno responda por escrito, de xeito completo e coherente, a distintas preguntas. Valorarase a súa capacidade de razoamento (argumentar, relacionar, etc.) e espírito crítico. Combinará a teoría e a praxe, de maneira que o estudante aplique as nocións teóricas adquiridas á análise de cuestións referidas aos textos sobre os que se apoia o programa (e deberá demostrar telos lido e comprendido). Tamén deberá demostrar que dispón de coñecementos básicos en relación coa literatura española medieval (situar cronoloxicamente unha obra ou autor, diferenciar xéneros...).
Workshop	Coa finalidade de afondar no estudio das obras, que han ser previamente lidas polos estudantes, combinaranse diversas metodoloxías e probas (prácticas guiadas, solución de problemas, exercicios de pregunta-respostas, pequenos debates, exercicios de comentario...). Non obstante, para evitar que lean e estuden as obras de lectura obrigatoria de forma illada, no caso de ser necesario (por descoñecemento de nocións básicas), o profesorado ofrecerá unha visión xeral sobre a tradición na que aquelas se inscriben, un achegamento ao autor (se houber) e ás formas literarias; nestes supostos, a exposición apoiarase nos textos, que os alumnos deben xa coñecer, pois nas sesións interactivas resulta imprescindible a súa intervención e colaboración.
Long answer / essay questions	Realizaranse dúas probas de ensaio ao longo do curso. O alumno deberá preparar previamente as lecturas das obras que se lle indiquen e os contidos relacionados con elas. Terá que desenvolver algún aspecto o tema aplicando os seus coñecementos e ofrecendo unha análise reflexiva e crítica, na que terá que demostrar, ademais, que levou a cabo unha lectura atenta, comprensiva e completa das obras (non se trata, xa que logo, de reproducir os contidos teóricos: debe aplicarlos ao aspecto que teña que desenvolver, sen esquecerse de incorporar referencias precisas ás lecturas que evidencien o seu traballo autónomo cos textos).
Workbook	As lecturas das obras literarias son o eixo sobre o que pivota esta materia (o que explica o elevado número de horas adicado a esta actividade), mais, ademais, os docentes poderán solicitar a lectura de textos críticos e bibliografía complementaria.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Mixed objective/subjective test Workshop Workbook Long answer / essay questions	O alumnado poderá sempre, se for preciso, requirir a atención personalizada dos docentes, tanto para resolver dúbidas xurdidas na preparación da proba mixta ou das dúas probas de ensaio como nas sesións adicadas a obradoiro ou mesmo no tempo adicado ás lecturas, mais nunca a titoría suplirá ás explicacións que o estudante non teña seguido por se ausentar inxustificamente da aula ni equivaldrá a unha sesión adicional de repaso, a modo de clase particular.

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Mixed objective/subjective test	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B3 B4 B5 B6 B7 B10 C7	En cada unha das oportunidades (final de cuadrimestre e xullo), realizarase nas datas oficiais unha proba mixta de carácter teórico-práctico na que se plantexarán distintas preguntas. En varias delas o alumno centrarase na análise de diversos aspectos relacionados coas obras de lectura: ha aplicar os coñecementos teóricos adquiridos ao tempo que demostra que leu os textos e que é quen de ofrecer a súa propia reflexión e interpretación, que ten que estar, ademais, debidamente razoada e, de non ser orixinal, debidamente fundamentada (sempre atendendo ao tema que se lle propón). Alén diso, importa que saiba situar os principais autores e textos (precisando xénero) do período de maneira correcta.	50



Workshop	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 B4 B5 B6 B7 C3 C6	Baixo a guía do docente, búscase que os estudantes apliquen os coñecementos vistos nas sesións maxistras e reflexionen sobre aspectos concretos (por escrito ou oralmente) a propósito das lecturas; algunha vez deberán elaborar individualmente textos (sínteses, esquemas, pequenos comentarios...). Algunha(s) desas actividades será(n) tida(s) en conta na avaliación.	10
Long answer / essay questions	A1 A3 A5 A10 A11 A15 A16 A17 A18 B4 B5 B6 B7 B10 C7	Nas datas que se establezan (en razón do avance dos contidos), os estudantes deben realizar, baixo supervisión dos docentes, dúas probas de ensaio. Nelas desenvolverán un tema ou aspecto referido a algunha das obras de lectura obrigatoria; han ser quen de aplicar os coñecementos teóricos á análise dos textos e tamén de demostrar que teñen feita unha lectura detida e crítica. Valorarase a achega personal o enfoque e a profundidade da análise, así como a claridade expositiva e a organización das ideas.	40

Assessment comments

Para superar a materia, o alumnado deberá conseguir unha cualificación igual ou superior a 5 puntos no conxunto de actividades que compoñen a avaliación. Farase media entre as distintas partes cando o estudante acade un 4 na proba mixta e nas probas de ensaio. Só serán aceptadas as actividades e probas de ensaio realizadas e entregadas nas datas previstas, en soporte de papel e seguindo as normas que se precisarán en cada caso. Dase por suposta a asistencia ás aulas, que é obrigatoria. Aquel estudante que conte con dispensa de asistencia recoñecida será avaliado mediante a proba mixta (50%) e as probas de ensaio (50%); debe poñerse en contacto cos docentes ao inicio do curso para establecer o mecanismo de seguimento da súa actividade. Na 2.^a oportunidade o alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na oportunidade anterior, aínda que con certa variación sobre as porcentaxes xa que non se poderán ter en conta as actividades de carácter presencial (Obradoiro). Así a valoración estará composta polo 50% das "probas de ensaio" e o 50% da "Proba mixta". Asemade, a realización das probas de ensaio terá lugar o mesmo día da proba mixta, unha vez entregada esta (de ser preciso, farase un receso de media hora). Considerarase como ?non presentado? o alumno que non participe nas probas de ensaio durante o curso ou que non realice a proba mixta. Se considerará como ?no presentado? al alumno que no participe en las pruebas de ensayo durante el curso o que no realice la prueba mixta o día fixado oficialmente (só en casos debidamente xustificadas poderá realizar estes exercicios en datas distintas ás establecidas). A expresión do estudante nas distintas probas, exercicios e actividades levadas a cabo debe ser a que corresponde ao nivel da titulación (tomarase en conta, polo tanto, a corrección ortográfica e gramatical, mais tamén a capacidade de estruturar as ideas e elaborar a exposición). No caso de que a expresión dos exercicios e traballos realizados fóra da aula non garde relación coa das probas e exercicios que o estudante realiza en clase baixo o control dos profesores, para avaliar a expresión servirán como referencia os escritos que aquel elaborou sen axuda externa.

Sources of information

Basic	<ul style="list-style-type: none"> - BELTRAN, Vicenç (2013). Jorge Manrique, Poesía. Madrid, RAE - Di STEFANO, Giuseppe (ed.) (2010). Romancero. Madrid, Castalia - MONTANER FRUTOS, Alberto (ed.) (2011). Cantar de Mio Cid. Madrid, Real Academia Española - PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (1999). Marqués de Santillana, Poesía lírica. Madrid, Castalia - BLECUA, Alberto (1992). Juan Ruiz, &quot;Libro de buen amor&quot;. Madrid, Cátedra - SERÉS, Guillermo (1994). Juan Manuel, El Conde Lucanor. Barcelona, Crítica - BAÑOS, Fernando (ed.) (2011). Gonzalo de Berceo, Milagros de Nuestra Señora. Madrid, Real Academia española - PÉREZ PRIEGO, Miguel Ángel (ed.) (2009). Teatro medieval. Madrid, Cátedra <p>Son estas as obras extensas de lectura obrigatoria, as que haberá que engadir a selección de textos que, para algúns dos temas, facilite o profesorado a través do Campus Virtual.</p>
--------------	--



Complementary	<ul style="list-style-type: none"> - ALVAR, Carlos y Ángel GOMEZ MORENO (1987). La poesía lírica medieval. Madrid: Taurus - CANAVAGGIO, Jean (1994). Historia de la literatura española. Madrid: Gredos - DEYERMOND, Alan (1995). Historia de la literatura española I. La Edad Media. Barcelona: Ariel - DÍEZ BORQUE, José María (dir.) (1980). Historia de la literatura española. Madrid: Taurus - GÓMEZ REDONDO, Fernando (1998-2002). Historia de la prosa medieval castellana. Madrid: Cátedra - GÓMEZ REDONDO, Fernando (2012). Historia de la prosa de los Reyes Católicos: el umbral del Renacimiento. Madrid: Cátedra - LACARRA, M^a Jesús y Juan Manuel CACHO BLECUA (2012). Historia de la literatura española. I. Entre oralidad y escritura: la Edad Media. Crítica: Barcelona - LÓPEZ ESTRADA, Francisco (1987). Introducción a la literatura medieval española. Madrid: Gredos - MENÉNDEZ PELÁEZ, Jesús (1993). Historia de la literatura española. Edad Media. León: Everest - MEREGALLI, Franco (coord.) (1990). Historia de la literatura española. 1. Desde los orígenes al siglo XVII. Madrid: Cátedra - PEDRAZA JIMÉNEZ, Felipe B. y Milagros RODRÍGUEZ CÁCERES (1981). Manual de literatura española. Edad Media. Pamplona: Cénlit - RICO, Francisco (coord) (1991). Historia y crítica de la literatura española. Edad Media. Primer suplemento. Barcelona: Crítica - RODRÍGUEZ CACHO, Lina (2009). Manual de Historia de la literatura española. 1. Siglos XIII al XVII. Madrid: Castalia <p>Figura aquí só a referencia de distintas historias da literatura; con cada tema ofreceráse información complementaria e, nalgúns casos, o profesorado elaborará, ademais, materiais de apoio para seguir as sesións maxistras e interactivas. Estes complementos facilitaranse a través do Campus Virtual.</p>
----------------------	---

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Introduction to Literary Studies /613G01005

Spanish Literature/613G01011

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

Dispor dunha competencia lingüística acorde ao nivel universitario de 3º de Grado é requisito; recoméndase a aqueles estudantes que teñan problemas na expresión (sexan ortográficos, sintácticos ou de outro tipo) que os subsanen, prestando especial atención aos erros cometidos ao longo do curso para no repetilos na proba mista.

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.